

**ACTA Nº 9/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE LALÍN DO DÍA 31 DE AGOSTO DE 2018. EXPEDIENTE PLN/2018/9.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

Dª TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO (CxG-CCTT).  
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
Dª CELIA ALONSO CARAMÉS (PSdeG-PSOE).  
D. Mª JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).  
Dª LARA RODRÍGUEZ PEÑA (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP).  
Dª MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (PP).  
Dª MARÍA ÁLVAREZ PAZ (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (PP).  
Dª EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ (PP).  
Dª RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ (PP).  
Dª MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

**INTERVENTOR:** D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

## **ÍNDICE:**

- 1.- Expediente 4424/2018. Aprobación, se procede, da Acta N° 7/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 29 06 2018..... Páx.3
- 2.- Expediente 4426/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 31 08 2018..... Páx.3
- 3.- Expediente 4350/2018. Expediente de Modificación de Crédito. Crédito extraordinario e suplemento de crédito 14P/2018..... Páx.
- 4.- Expediente 4368/2018. Expediente de Modificación de Crédito. Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito N° 13-P/2018..... Páx.
- 5.- Expediente 4309/2018. Expediente de recoñecemento Extraxudicial de Créditos N° 13/2018..... Páx.
- 6.- Expediente 2219/2018. Modificación do orzamento máximo de licitación do contrato administrativo dos Servizos de Atención Domiciliaria, prestación básica e para persoas en situación de dependencia..... Páx.
- 7.- Expediente 4331/2018. Moción do PP para acelerar as axudas de transporte universitario e dos grados medio e superior para que estean dispoñibles para os estudantes ao principio das clases..... Páx.
- 8.- Expediente 4349/2018. Moción do PP para instar ao goberno municipal de Lalín a negociar a recuperación da aula da UNED de Lalín para o curso 2018-2019..... Páx.
- 9.- Expediente 4351/2018. Moción do concelleiro non adscrito instando ao goberno á compra de dous tractores para desbroces..... Páx.
- 10.- Expediente 4430/2018. Rogos e preguntas. Pleno 31 08 2018..... Páx.

Sendo as **nove horas** do venres, **día 31 de agosto de 2018**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luis Cuiña Aparicio, os señores concelleiros que enriba se indican co obxecto de celebrar a correspondente sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral Accidental, D. Salvador González Rodríguez.

Actúa como Interventor, D. Fidel García Martul.

Está ausente o Concelleiro D. Tomás Vilariño Fidalgo (CxG-CCTT), por renuncia, sen que se teña nomeado ó seu substituto, motivo polo que o número de feito de membros da Corporación queda reducido a 20.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- EXPEDIENTE 4424/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 7/2018 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 06 2018.**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 7/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o pasado día 29 de xuño.

De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, por **UNANIMIDADE**, acordouse a súa aprobación, ordenándose a transcripción ao libro de actas.

### **2.- EXPEDIENTE 3923/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. PLENO 27072018.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou sabido.***

### **3.- EXPEDIENTE 4350/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 14-P/2018.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Memoria e Proposta da Alcaldía, e informe favorable da Intervención, todos de data 22/08/2018.

2.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de agosto de 2018.

### **INTERVENCÍONS:**

Comeza a rolda de intervencións a Sra. Concelleira Delegada de Facenda (D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus), para explicar a proposta e o expediente; trátase de dotar de crédito ás correspondentes partidas orzamentarias mediante o uso de remanentes de libre disposición; desagrega cada un dos conceptos e remata dicindo que o expediente conta con todos os informes favorables, indicando que se trata de cuestións técnicas tramitadas pola Intervención

De seguido fai uso da palabra o voceiro municipal do PP, D. José Crespo Iglesias, para indicar que si ben estarían de acordo en moitos conceptos, sen embargo o voto do seu partido vaia ser negativo polos mesmos motivos que xa indicou na Comisión Informativa: quere negociar a globalidade dos remanentes. Porque Vds. utilizan a técnica de ir quitando ós poucos os fondos e non nos dan opción de alternativa. Compre facer modificacións si queren o noso apoio; así o tema do vestiario da policía local lle parece insuficiente; respecto dos tests de alcoholemia lle parece unha irresponsabilidade proceder ó arranxo duns aparatos vellos que son da anterior etapa, porque este goberno non fixo nada ó respecto, e entende que é mellor comprar uns novos aparatos de alcoholemia en vez de arranxar os actuais; e algo parecido ocorre co arranxo do vehículo da Policía Local, claro que hai que arranxar os existentes, pero o que realmente procede é adquirir algún novo, do mesmo xeito que se fixo para as Concellerías; respecto da ITV nada que dicir, pero en relación coas reparacións en edificios públicos non entende como se meten no mesmo concepto o Pazo de Liñares e o Museo, deberían ir en conxunto no mesmo paquete e tamén o da UNED; tampouco ten nada que dicir respecto do pellets da piscina, nin do camiño de Losón (conforme co falado co Interventor este tema podería retirarse e nós estaríamos a favor); considera totalmente insuficiente a partida para asfaltado, que compre incrementar, e está de acordo co do Local Social de Moneixas e entorno, sempre que se aclare que é o que pasa co cruceiro, que entende é, ou debería ser, un BIC. Remata o Sr. Crespo a súa intervención pedindo que se retire este asunto da orde do día, reiterando a deslealdade do Grupo de Goberno, presentando un tema pechado para que, ou ben o votemos en contra, ou o aprobemos no seu conxunto.

Concedida a palabra ó Sr. Concelleiro non adscrito (D. Juan José Cruz García), manifesta que se limitará a votar dado que con el non se negociou nada; agradece ó PP que contara con el, demostrando unha altura de miras da que carece o Goberno. Remata manifestando a súa vontade absoluta de negociación con calquera membro do Goberno.

O Sr. Alcalde, D. Rafael L. Cuíña Aparicio, pecha a rolda de intervencións aceptado a retirada do asunto da orde do día, e dicindo que, dado que esta mesma mañá xa lle entregaron a documentación precisa (saneamentos, etc.), entende que xa está preparado o paquete para a negociación, e empraza publicamente ós concelleiros (enténdese ós do PP) para unha reunión o próximo venres, si pode ser, ou noutro día si hai problemas de axenda, e posterior convocatoria dun Pleno Extraordinario para decidir a aplicación dos remanentes.

Non obstante acórdase que se aprobe agora o cumprimento do convenio con Vila de Cruces, o que supón unha emenda ó Ditame da Comisión Informativa.

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometido a votación ordinaria o expediente, coa indicada emenda, **o Pleno**, por unanimidade dos asistentes, **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario/Suplemento de Crédito, financiado con remanente de Tesourería de libre disposición, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<b>Aplicación orzamentaria que se incrementa</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
0.454.762	Camiños veciñais. Transferencias a Axuntamentos.	4.916,85 €
<b>TOTAL</b>		<b>4.916,85 €</b>

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A financiación da modificación presupuestaria farase co uso do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, na parte que corresponde á libre disposición. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

REMANENTE DE TESOURERÍA DE LIBRE DISPOSICIÓN (saldo dispoñible):	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (concepto de ingresos):	USO DO REMANENTE COA ACTUAL MODIFICACIÓN:
553.252 €	870.00	4.916,85 €

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38.2 en relación co artigo 20.1, do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

### **4.- EXPEDIENTE 4368/2018. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº**

### **13-P/2018.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Memoria e Proposta da Alcaldía, e informe favorable da Intervención, todos de data 24/08/2018.

2.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de agosto de 2018.

### **INTERVENCIÓNS:**

Comeza a rolda de intervencións a Sra. Concelleira Delegada de Facenda (D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus), para explicar a Proposta: é un expediente económico co que se trata de dotar de crédito ás correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos investimentos que desglosa, ben con cargo ós IFS (Investimentos Financeiramente Sostibles), ou con cargo ós remanentes de libre disposición; o expediente conta cos informes favorables da Intervención.

De seguido fai uso da palabra o portavoz municipal do PP (D. José Crespo Iglesias), para propoñer, polos mesmos motivos indicados no punto anterior, e na Comisión Informativa (quere negociar a globalidade dos remanentes), que se retire o asunto, estando disposto a apoiar o da Praza de Abastos. O Sr. Alcalde pídelle que, como xesto de boa vontade, como o que está mostrando o Goberno, se aprobe tamén o das melloras dos locais sociais de Santiso e Bermés, dado que é algo que necesitan os veciños e no que cree que finalmente estarán todos de acordo, ó que responde o Sr. Crespo que están de acordo pero coa condición de que se amplíen as obras, e non sabe si se poderá; o Sr. 1<sup>a</sup> Tenente de Alcalde pídelle que pasen canto antes a súa proposta, e que se considere tamén a aprobación da adquisición da parcela anexa ó Auditorio de Vilatuxe porque teme que os propietarios se desesperen un pouco. Respecto desta última cuestión o portavoz do PP manifesta que insiste en que este asunto quede para a negociación global, serán só 15 días, porque si ben poderían estar de acordo con esta adquisición, terá que explicárselles que pasa co informe que fixo o Arquitecto Municipal para “xustificar” a perda da subvención concedida para a caldeira de pellets, porque ou ben non se poderá utilizar a parcela para o fin previsto, ou ben o propio técnico se está a contradicir (neste punto o Concelleiro de Urbanismo, Sr. González Casares, manifesta que o informe do Arquitecto xa está clarexado no senso de que o que di Martín é que a caldeira deberá ir en edificio aparte, e que debe manterse a tipoloxía rural no que se constrúa, porque é evidente que o Auditorio é un edificio moderno e non cumpre este parámetro).

O Sr. Alcalde concreta o que se aprobaría: a Praza de Abastos e os locais sociais de Santiso e Bermés, e que procede a votación agás que o Sr. Cruz queira intervir neste caso, e así o fai deixando constancia de que o tempo lle da a razón respecto de que o Parque da Xuventude é municipal, e que polo tanto se teña en conta a súa proposta no Pleno de dotalo dun pozo ou punto de auga; o Alcalde dille que novamente está equivocado, e a Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Parques e Xardíns (D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés), aclara que o que vai na proposta é a mellora do parque infantil que está en Pena Toares, que é municipal, e non o parque anexo á Casa da Xuventude que é da Xunta.

Pola Presidencia se propón votar o asunto, pero o Sr. Crespo Iglesias aclara que

votará a favor da partida dos locais sociais, pero coa condición de que se engadada ó local social de Santiso unha plaqueta na parte de arriba, e se lle poña tella nova; é ó de Bermés unha cámara (interna ou externa), e acceso (o Sr. Nicolás González Casares propón que esas cousas sexan melloras non pregos de contratación); e todo iso sen prexuízo de que tamén incluiremos outras melloras nos outros conceptos, como por exemplo que o sistema de fichaxe se amplíe a todas as dependencias municipais e non se limite só á Casa Consistorial, ó que lle responde o Sr. González Casares que, segundo o informe elaborado polo técnico municipal, o novo sistema será para todos os traballadores porque se utilizará unha tarxeta a introducir por cada un no seu terminal, incluso está prevista a posibilidade do uso dunha chamada telefónica dende o móbil para os técnicos que realicen traballos pola tarde; remata o Sr. Crespo Iglesias dicindo que esta última opción é, cando menos, perigosa, pero que non hai ningún problema sempre que fichen todos os traballadores.

Neste punto fai uso da palabra o Sr. Interventor para propoñer que o sentido do acordo é que cando se teñan as valoracións, e dado que hai crédito suficiente, se amplíe o mesmo (xa falou co técnico para que lle pase a nova valoración).

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometido a votación ordinaria o expediente (novamente se entende emendado o Ditame da Comisión Informativa), mediante o sistema de man alzada, **o Pleno**, por **unanimidade**, **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario/Suplemento de Crédito, condicionado á declaración, pola Alcaldía, das obras que financia como investimentos financeiramente sostibles, financiado mediante superávit do exercicio 2017, e remanente líquido da tesourería do 2017, de acordo co seguinte detalle:

#### **1) Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de crédito:**

<b>Expte gestiona gasto principal</b>	<b>descrición da partida</b>	<b>aplicación presupostaria</b>	<b>Importe da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.</b>
4099/2018	Honorarios para a redacción do proxecto da parte de abaixo da Praza de Abastos	0/4312/632.38	10.648 € No IFS
1761/2018	Mellora dos Centros Sociais de Santiso e Bermés: Edificios e outras construcións.	0/337/632	70.793,32 € NO IFS

Total da modificación presupostaria: 81.441,32 €

#### **2) Financiamento:**

2.1) Con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos Xerais (Remanente

de Tesourería de libre disposición).

Aplicación	Importe	Descrición
870.00	81.441,32 €	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. Remanente de libre disposición
<b>Total</b>	<b>81.441,32 €</b>	

2.2) Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

## **5.- EXPEDIENTE 4309/2018. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 13/2018.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Providencia de inicio de expediente de recoñecemento extraxudicial por importe total de 30.176,29 €, segundo a relación de facturas nº 00046, informe de reparo da Intervención, e Proposta da Alcaldía ó Pleno conforme ó dito informe, todos de data 23/08/2018.

2.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de agosto de 2018.

### **INTERVENCIÓNS:**

Comeza a rolda de intervencións a Sra. Concelleira Delegada de Facenda (D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus), explicando que se trata de aplicar o establecido na base 15<sup>a</sup> das de execución do presuposto; as facturas que veñen son basicamente pola falla de previo expediente de contratación (segundo criterio técnico), e existe crédito; fai un relatorio das facturas.

Con carácter previo á apertura da rolda de intervencións, polo Sr. Interventor se manifesta que, tal e como adiantou por correo electrónico ós Srs. Concelleiros, se incluíu por erro na relación unha factura de 7.000 € polo concepto de "Producción de cápsulas Audiovisuais", que compe retirar dado que se trata dun contrato menor e non é competencia do Pleno.



De seguido fai uso da palabra o concelleiro do PP, D. José Antonio Fernández Rodríguez, para manifestar que, sen prexuízo de agradecer as aclaracións do Sr. Interventor, non obstante o seu grupo mantén a postura xa manifestada en Plenos anteriores, no senso de que entenden que os reparos non deberían chegar ó Pleno, e que debería ser o Goberno quen remate todo o proceso ata o pago efectivo porque é quen executa o gasto e escolle ós provedores; xa pediron a modificación da base 15ª e, como vai a ser un tema recorrente, solicitan que o Goberno siga as recomendacións do Interventor (que as facturas as conforme un concelleiro e un técnico). En definitiva, reitera o xa dito na Comisión Informativa, pide *“que cada quen aguante a súa vela”*, e anuncia que o seu Grupo, co obxecto de evitar prexuízos ós provedores, se vai a abster, si se pode, ou a votar en contra, da seguinte forma: respecto das facturas de Gas Natural, pellets e gastos farmacéuticos se absterán, e no resto votarán en contra. Non pretenden obstaculizar a actuación do Goberno, pero queren que se cumpra o que di o Interventor nos seus informes (que non o di o PP) para que as facturas veñan debidamente conformadas.

Por parte da Concelleira Delegada de Facenda se insiste en que o resto son seguros, reparación de ascensores (onde non temos técnico), ou do combustible das máquinas desbrozadoras por un importe mínimo, e se para especialmente en explicar o tema dos seguros (como consecuencia da adquisición dun novo vehículo foi preciso desagregar a parte proporcional dese seguro do seguro xeral por importe de tan só 141,12 €). O Sr. Fernández Rodríguez replícalle que Vds. non son rigorosos no que nos presentan; así, una factura de gasolina está conformada por un técnico, mentres que existe outra do mesmo concepto e provedor que só está asinada polo concelleiro; tamén se absterían nestas dúas facturas de gasolina. En definitiva, critica esta forma de traballar (meter/sacar no Pleno), e pide rigor e seriedade nestes temas, reiterando que se absterán nas facturas das farmacias, nas dúas de combustible, nas de Gas Natural e na de pellets; e no resto votan en contra.

Neste momento o Interventor pide que se retire tamén a do Pazo de Liñares, reiterando que se trata dun feito imprevisible e procede a súa tramitación como contrato menor; lembra a doutrina do Consello e do Tribunal de Contas relativa a que o uso dos contratos menores é para cubrir necesidades imprevisibles e puntuais, como é o caso.

Pechando esta rolda de intervencións o Sr. Cruz García (Concelleiro non adscrito), logo de congratularse de que as facturas as conformen os técnicos, algo que xa pedira e se lle denegou porque hai opacidade e falta a transparencia que se prometeu, e agora, por presións da oposición, se quere cambiar. Anuncia que votará en contra de todo porque non ten nada que ver con ningunha das facturas, pero sobre todo porque con el se fixo *“escarnio”* cunha mentira grandísima co obxecto de defenestrarlo e que entrara no seu lugar Piki. Neste momento intervén a Concelleira Delegada de Facenda simplemente para puntualizar que o de que as facturas as asinara sempre un técnico foi unha proposta súa, xa dende a toma de posesión do cargo, dado que se lle pasaban a conformar todo tipo de facturas de subministro doutros departamentos, si ben só se lle fixo caso dende a chegada deste novo interventor. Cruz dálle parabéns indicando que lle gusta a súa forma de opinar pero que, malia que podería votar a favor das facturas que veñen conformadas por un técnico, non o vai a facer para *“enfaticar”* o escarnio que se fixo con el nestes temas. Remata a súa intervención dicindo que lle resulta estraño que non exista un técnico

que poida conformar as facturas, e aproveita a ocasión para solicitar si se lle pode informar neste momento si existe seguro para edificios tan importantes como o Pazo de Liñares ou a propia Casa Consistorial (o Alcalde dille que non, e que para estas cuestións está o apartado de rogos e preguntas, e o Sr. Cruz manifesta que queda demostrada a falla de transparencia).

A Sra. Varela Fisteus insiste na conveniencia de aprobar as facturas de Adeslas, polo risco que supón para a prestación da asistencia médico-farmacéutica que reciben os funcionarios mais antigos, xerándose unha discusión na que interveñen diversos concelleiros (O Sr. González Casares fala do risco de que a Aseguradora deixe de prestar servizos, o que ratifica o Sr. Fernández Taboada).

Por parte do Sr. Interventor se explica o criterio que sempre mantivo a Intervención para as facturas que veñen a recoñecemento extraxudicial de crédito, baseado na decisión que previsiblemente adoptará un xuíz neste tema, con base na doutrina do enriquecemento inxusto, ordenando o pago sempre que as facturas estean recoñecidas. E por último a Presidencia insta á Intervención para que no sucesivo estas cousas non veñan desta maneira ó Pleno.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Logo das emendas presentadas nesta sesión, consistentes na retirada das facturas con números de rexistro 001959 (reparación danos causados por tormenta no Pazo de Liñares por importe de 254,09 €), e a nº 002015 (Produción de cápsulas audiovisuais, 7.000 €), polos motivos indicados polo Sr. Interventor (procede a súa tramitación como contrato menor, sendo competente para o efecto a Xunta de Goberno Local), e respecto do resto das facturas contidas na relación nº 00046:

- Os Srs. Concelleiros que conforman o Grupo de Goberno (9) votan a favor.
- O Sr. Concelleiro non Adscrito vota en contra de todas elas.
- Os Srs. Concelleiros do PP (10), abstéñense respecto das facturas de subministro de gasolina, de medicamentos a funcionarios, de enerxía eléctrica, e de pellets de madeira, e votan en contra do resto das facturas da dita relación.

Xa que logo, como consecuencia da existencia de determinados gastos realizados que ou ben non é posible imputalos ó orzamento do exercicio corrente, ou ben por omisión no expediente de requisitos ou falta de trámites esenciais, se considera necesario proceder ao recoñecemento extraxudicial co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración, dado que efectivamente se trata de subministros prestados ó Concello durante o ano 2018, se presenta o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 13/2018 que finalmente se aproba por un importe total de 6.372,50 €, **o Pleno, por maioría, ACORDOU:**

**Primeiro:** Levantar polo Pleno o reparo da Intervención municipal recollido no informe de 23 de agosto, por corresponder a gastos xa feitos e xustificadas coas correspondentes facturas conformadas.

**Segundo:** Proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de **6.372,50 €**, segundo a seguinte relación:

N.Rex.	D.Reg.	Concepto	N.I.F.	Razón social interesado	Núm Fac.	Data Fac.	Importe
001594	04/06/2018	COMBUSTIBLE EFITEC MAQUINARIA OBRAS	B36016756	FERVI, S.L.	39	04/06/2018	575,85
001811	02/07/2018	EFITEC 95 NEO CORTACESPEDE E DESBROZADORAS	B36016756	FERVI, S.L.	40	02/07/2018	542,61
001873	04/07/2018	MEDICAMENTOS FUNCIONARIOS - 2º TRIMESTRE 1	76829870A	FERREIRO CALVO, BEATRIZ	Q000881/2018	02/07/2018	529,08
001874	04/07/2018	MEDICAMENTOS FUNCIONARIOS - 2º TRIMESTRE 2	76829870A	FERREIRO CALVO, BEATRIZ	Q000880/2018	02/07/2018	536,08
001885	05/07/2018	MEDICAMENTOS FUNCIONARIOS - 1ER SEMESTRE 2018	35238563X	CRESPO SOTO, Mª OLIVA	23/2018	02/07/2018	194,02
001936	10/07/2018	MEDICAMENTOS FUNCIONARIOS	52480677J	GRANJA BARGADOS, ALBERTO	Q000050/2018	26/06/2018	17,43
001965	17/07/2018	ENERXIA ELECT. CENTRAL CALIDADE DO AIRE1-04/31- 05-	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FE1832126878 0372	20/06/2018	343,80
002183	11/08/2018	Pellets de madera 6mm EN-Plus A1	B94038106	GESTCALOR S.L.	788	12/06/2018	3.633,63
<b>TOTAL</b>							<b>6.375,50</b>

**6.- EXPEDIENTE 2219/2018. MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA, PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Informe da traballadora social, coordinadora do servizo de axuda no fogar, colexiada nº 1872, de 04-06-2018, e informe conxunto desta última e da Asesoría Xurídica do departamento de Servizos Sociais de data 30-07-2018

2.- Informe da Secretaría Xeral e da Intervención, de datas 31-07-2018 e 22-08-2018, respectivamente, relativos á modificación do contrato administrativo dos servizos de atención domiciliaria (servizo de axuda no fogar, prestación básica e para persoas en situación de dependencia).

3.- Proposta da Alcaldía de data 24-08-2018, do seguinte tenor:

“O Pleno da Corporación Municipal, na sesión celebrada o día 14 de novembro de 2017 aprobou o expediente de contratación denominado “**SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA ( SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA) .” (CSE072016) .**

O expediente tramitouse mediante procedemento aberto, trámite ordinario, e varios criterios de valoración.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2016 acordou clasificar as proposicións presentadas e requirirlle a GALAUREA S.L con CIF núm B3649458 , licitador que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, asinándose o contrato administrativo o día 1 de novembro de 2017 .

Con data 31 de agosto de 2016 dende a Consellería de Política Social recibese notificación na que se fai constar un incremento de horas de reforzo de 405 horas/mes co seu correspondente financiamento .

Á vista desta notificación , con data 21 de maio de 2018 emitíuse un informe por parte do Asesoría Xurídica de Benestar Social o Contrato no cal se indicaba o seguinte

(...)

## **5. CONCLUSIÓN.**

1.- O contrato administrativo dos servizos de atención domiciliaria foi asinado en data 28 de setembro de 2017 sendo necesaria unha corrección de erros asinada o día 14 de novembro de 2017.

2.- Dito contrato administrativo foi licitado ao amparo dos pregos de contratación aprobados polo Pleno do Concello de Lalín o 26 de maio de 2016.

3.- De acordo ao Anexo I. C) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrencia e dependencia, o orzamento máximo de licitación é de 559.410,83€/anuais IVE incluído.

Segundo o Anexo I. R) poderá modificarse ao contrato nos seguintes supostos : no SAF Dependencia en caso de que sexa necesario un aumento de horas de prestación do servizo por aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia e do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polos que se regulan os procedementos de aplicación en Galicia. Sempre que non exceda do 25% do prezo do contrato segundo procedemento establecido no artigo 211 e concordantes do TRLCSP.

4.- Pois ben, dito aumento de horas foi concedido pola Consellería de Política Social en agosto do ano 2016 que resolve activar, para o Concello de Lalín, un total de 4.372 horas/mes.

Este número de horas e, en función da cláusula segunda do contrato administrativo, que fixa o prezo/ hora en 10,87 € na modalidade dependencia tradúcese nas seguintes cifras:

$$4372h \times 12 \text{ meses} = 52.464 \text{ horas/ano}$$

$$52.464 \text{ horas/ano} \times 10,87 \text{ €} = 570.283,68 \text{ €}$$

Se a esta cantidade lle sumamos o importe orzamentado para a modalidade básica do servizo de axuda no fogar (85.000 €) o custo máximo total do programa ascendería a un total de : 655.283,68 € .

5.- En todo caso a activación de horas máximas do servizo de axuda no fogar modalidade dependencia podería realizarse a partires do mes de maio de 2018 resultando os seguintes cálculos:

Mes Facturación	Horas activas	Importe Facturación
Xaneiro 2018	3.973h 40 minutos	43.193,76 €
Febreiro 2018	3.925h 45 minutos	42.672,90 €
Marzo 2018	3.499h 15 minutos	38.036,85 €

Tras diversas causas sobrevidas de imposible previsión (pasamentos, ingresos en centros residenciais,...) que provocaron baixas no servizo a data do presente, durante o mes de abril, prevese que estean activas un máximo de 3443 horas.

Se tomamos como punto de activación das horas totais o día 1 de maio de 2018 estímase o seguinte o custo ata fin de exercicio (sen ter en conta as incidencias horarias que poidan xurdir ao longo do ano) :

Horas máximas a prestar dende 1/04/2018 a 30/04/2018:

**3.443 horas x 10,87 € = 37.425,41 €**

Horas máximas a prestar dende 01/05/2018 a 31/12/2018:

**4.372 horas x 8 meses = 34.976 horas**

**34.976 horas x 10,87 € = 380.189,12 €**

En base aos datos anteriores estímase un custo máximo do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes, no exercicio 2018, de **541.518,04 €**.

No orzamento 2017, prorrogado para o ano 2018, como xa se expuxo anteriormente existe consignación por importe de **85.000 €** para a modalidade de servizo de axuda no fogar libre concorrencia.

O sumatorio de ambas modalidades ascende a **626.518,08 €** o que non superaría o orzamento máximo do contrato ( 699.263,54€)

(...)

A modificación proposta ten cabida dentro das posibilidades de modificación contractual previstas nos pregos que rexeron nas licitacións de referencia que, establecían a posibilidade de modificar os contratos ata un máximo do 25% do prezo do contrato naqueles supostos

Así mesmo, consta informe favorable da Secretaría Xeral e da Intervención Municipal, ambos de respecto do trámite proposto.

Xa que logo, á vista dos antecedentes expostos **PROPÓNOLLE** ó Pleno do Concello de Lalín, que adopte o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación dos contrato de subministración denominado:

- **SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA) ."**

**(CSE072016)”.**

**Segundo.-** Autorizar o gasto correspondente ao incremento no importe do prezo do contrato, resultando o seguinte importe total:

O sumatorio de ámbalas dúas modalidades ascende a **626.518,08 €**

**Terceiro.-** Notificarlle o presente acordo á empresa **GALAUREA S.L.** e emprazar ao licitador para que procedan a reaxuste da garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP) e á formalización da modificación do contrato no prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a presente notificación; facultando ao Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

**Cuarto.-** Publicar esta modificación no Perfil do Contratante”.

**4.-** Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 27 de agosto de 2018.

### **INTERVENCIONS:**

Comeza a súa intervención o Concelleiro Delegado de Benestar Social, Sr. González Casares, indicando que isto é bastante simple: cando se fixo o contrato do SAF prevíase a posibilidade do seu aumento, asíñase o contrato por 549 mil euros aproximadamente e no mesmo se admitía unha modificación de ata o 25%; nese momento non se podía ir mais alá das necesidades que tiña o Concello e houbo que facer primeiro a modificación de crédito, alá polo mes de maio (cree), e logo os trámites de contratación no que se suscitaron certas dúbidas sobre o órgano competente, que finalmente se resolveron en favor do Pleno (lójicamente), porque foi o que adxudicou o contrato inicial. Remata dicindo que coa subida se trata de dar mais servizos, e adianta que, como xa estamos no tope máximo, seguramente teremos que facer unha nova modificación de crédito e de contrato ata uns 700.000 €.

De seguido intervén a Sra. Concelleira do PP D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey para manifestar que manteñen a mesma posición de apoio que xa manifestaron na Comisión Informativa, si ben considera sumamente grave escoitar do Concelleiro Delegado que “é algo simple”, cando se trata dun dos contratos mais significativos do Concello, tanto polo seu montante económico (preto de 600.000 €), como polos destinatarios (familias con dependentes). Sigue a dicir que a gravidade maniféstase nas incongruencias deste expediente, dado que a ampliación de horas é de agosto do 16, e a comunicación a Galaurea é de maio do 18; trátase dun baile de datas extremadamente grave dado que si o aumento de horas se sabe dende o 2016, e o contrato se redacta no 2017, ¿por que non se contemplou xa esta cuestión?. Isto explica por que non se deron mais prestacións; revisando as actas da Xunta de Goberno, que é a documentación á que temos acceso, vemos como en xaneiro e febreiro se manteñen as altas, mentres que en marzo vemos unha caída considerable que se mantén ata xuño; e resulta que Galaurea acaba de despedir a traballadores porque non teñen traballo, pero hai familias demandantes que nos traslada a problemática. Remata a Sra. Pérez Asorey manifestando o apoio do seu grupo, porque queremos que as familias se beneficien deste servizo tan importante, pero que a verdade é que pola xestión e a forma de levalo merecían non a abstención, senón un voto en contra; e adianta que pedirán, non sabe en que formato, non as altas, senón o

número de horas prestadas, porque este é o dato realmente relevante.

Por parte do Sr. González Casares, matizando que el non dixo que era un tema menor: pasou de 450 a 699 mil euros (o máximo posible). Segue a dicir que a anterior Interventora Accidental detectou en febreiro que o crédito dispoñible non era suficiente e empezou o correspondente expediente de modificación de crédito e o expediente que agora nos ocupa, que ten por obxecto dar servizo a todas as familias que, como ben dis, tanto o precisan. Pasará toda a información sobre as horas prestadas cando dispoña dela. A Xunta nos está a pagar de menos na liquidación e o contrato (2+2 anos), seguramente non se prorrogará porque chegará a 800 ou 900 mil euros, segundo os datos que recibimos sobre o progresivo aumento da achega tanto por parte da Xunta como do Estado, resultando seguramente o contrato mais importante dos Concellos. Remata dicindo que descoñece o do despido de persoal por Galaurea, e que lle estraña, porque a día de hoxe se está prestando mais servizo; si hai algún despido teñen que comunicalo e teñen que cumprir as cláusulas sociais do pregos, e dende logo que se farán cumprir; o que si lle comunicou Galaurea é que teñen dificultades para atopar xente preparada para dar servizo en Lalín.

A Sra. Pérez Asorey replícalle que non poden pretender enmascarar o tema aludindo ó que recibía antes e agora o Concello, porque cada ano a Xunta aumenta mais ou menos a prestación, e para todos os Concellos (sexa do color que sexa, faltaría mais); non se fía de que se estean a utilizar todas as horas, si se equivoca pedirá desculpas, pero insiste en que lle parece que non é así. Remata ratificándose no xa dito sobre o “salto” de datas, e clarexando que o Decreto 15/2010, que regula a materia, xa permite un aumento de ata o 25%.

O Sr. González Casares dí que a Lei de Contratos do Sector Público non o permite, que son cousas distintas, e puntualiza que se están a utilizar todas as horas establecidas no contrato, non as desta ampliación.

O Presidente pregúntalle ó Sr. Cruz (Concelleiro nos adscrito), si quere intervir neste tema, manifestando este que, cando a clarividencia é tan alta por parte do PP, o único que ten que facer é votar.

Rematando as intervencións, o Sr. Alcalde empraça ó Concelleiro Delegado e á Sra. Paz Asorey, para que se reúnan e aclaren o tema.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometido a votación ordinaria o expediente, **o Pleno**, por **unanimidade** dos asistentes (20), **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación do contrato de servizos denominado “SERVIZOS DE ATENCION DOMICILIARIA (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTACIÓN BÁSICA E PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA. CSE072016)”.

**Segundo.-** Autorizar o gasto correspondente ao incremento no importe do prezo do contrato, resultando o seguinte importe total:

O sumatorio de ámbalas dúas modalidades ascende a **626.518,08 €**.

**Terceiro.-** Notificarlle o presente acordo á empresa **GALAUREA S.L.** e emprazar ao licitador para que procedan ó reaxuste da garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP), e á formalización da modificación do contrato no prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a presente notificación; facultando ao Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, no seu caso, tan amplamente como sexa preciso, co obxecto de levar a bo fin o presente acordo.

**Cuarto.-** Publicar esta modificación no Perfil do Contratante.

### **7.- EXPEDIENTE 4331/2018. MOCIÓN DO PP PARA ACELERAR AS AXUDAS DE TRANSPORTE UNIVERSITARIO E DOS GRADOS MEDIO E SUPERIOR PARA QUE ESTEAN DISPOÑIBLES PARA OS ESTUDANTES AO PRINCIPIO DAS CLASES.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Moción asinada pola Concelleira do Partido Popular D<sup>a</sup> María Paz Pérez Asorey o día 20 de agosto de 2018 (rexistrada de entrada ese mesmo día, correspondéndolle o nº 6273 de orde), co seguinte texto:

*“O vindeiro 7 de setembro iníciase o curso académico nas Universidades galegas e, 10 días despois, o 17 de setembro, dá inicio a actividade académica nos Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior de Formación Profesional. Coincidindo con esas datas, unha mancha de xóvenes lalinenses comezan o curso académico lonxe de Lalín para asistir á súa formación profesional, cuxas especialidades non se imparten en Lalín e no noso entorno máis próximo.*

*Para paliar os custos que supoñen os desprazamentos, o Concello de Lalín puxo en marcha na etapa do Partido Popular unha serie de bonos de desconto para axudar ás familias a que lle fosen menos gravosos eses desprazamentos e con elo ampliar a formación fora do noso concello.*

*Axudas que nos últimos anos xeraron no Concello de Lalín unha serie de problemas polos retrasos e defectos na tramitación da administración local, que fixo entrega dos bonos moi tarde ou usando fórmulas que mesmo provocaron que a intervención municipal puxese reparos suspensivos á tramitación realizada polos responsables políticos desta cuestión.*

*Cos antecedentes e problemas doutros anos sobre a mesa e diante do incipiente comezo do curso sen noticias sobre o citado programa de axudas ao transporte, que o ano pasado a estas alturas de ano xa tiña aberto o prazo de solicitudes, foron varios os pais que transmitiron ao Partido Popular a súa preocupación porque, de novo, este ano se volvan a producir problemas e retrasos na tramitación e entrega dos bonos de transporte, co correspondente problema para os veciños.*

*A tramitación de ditas axudas está supeditado á autorización do convenio entre concello e empresas adxudicatarias das liñas de transporte da Dirección Xeral de Mobilidade que, segundo os datos dos que dispón o Partido Popular de Lalín, foi outorgada en maio, data en que o Concello de Lalín podía iniciar xa a xestión de ditas axudas para os alumnos universitarios e negociar os convenios coas empresas, para ter en tempo os bonos para os alumnos ao comezo do curso.*



*Como queira que a día de hoxe nas actas da Xunta de Goberno das últimas semanas non aparece a aprobación das bases das axudas ao transporte e que sen esa aprobación non se pode abrir o prazo de tramitación de solicitudes, é polo que se intúe que, un ano máis, a tramitación vai retrasada e, polo tanto, as axudas aos universitarios e estudantes de graos non chegarán para o inicio do curso como sería necesario.*

*É por elo, polo que o grupo municipal do Partido Popular presenta ao pleno para o seu debate a seguinte proposta de*

#### **ACORDO:**

**1. Esixir ao goberno municipal que acelere a tramitación dos bonos de desconto do transporte universitario e dos ciclos formativos que se impartan fora de Lalín para que os alumnos poidan disfrutar dos beneficios deste programa dende o inicio das clases”.**

**2.-** Ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación de 27 de agosto de 2018.

#### **INTERVENCÍONS:**

Logo de lembrar a Presidencia que as intervencións deben atermos ó tempo de 8´ establecido no ROF, a Concelleira asinante da moción manifesta que é un tempo máis que suficiente, porque o tema xa nin tiña que vir aquí. Non é normal que a día de hoxe, cando faltan poucos días para que comece o curso aínda descoñecemos, non xa si as axudas se van a conceder, que entendemos que sí, senón os prazos e condicións. O grave é, unha vez máis, as repercusións que isto vai a ter para as familias con fillos que están estudando fora de Lalín, e por iso solicitamos máxima urxencia para que teñan o preciso para o comezo do curso.

De seguido, fai uso da palabra o Concelleiro Delegado Sr. González Casares para lembrar algúns antecedentes históricos. Así en febreiro de 2018 Mombús desaparece como concesionaria polos cambios que fixo a Xunta nas concesións; a Dirección Xeral de Mobilidade non resolveu ata maio, e daquela os estudantes quedaron sen axudas, e o Concello tivo que compensalos con axudas de emerxencia social; a culpa foi da Xunta. Segue a dicir que dende a súa Concellería se iniciou a tramitación do expediente igual que en anos anteriores, pero o Interventor dixo que o sistema que se viña utilizando, vía convenio, non era correcto, e que había que modificalo, houbo que empezar un traballo ímprobo por parte da técnica que leva isto, e mesmo en pleno mes de agosto nos reunimos coa nova empresa concesionaria para propoñerlle a sinatura dun contrato menor, porque tiña que estar de acordo, loxicamente, e aceptou, pero houbo un atraso dun mes.

Logo dunha breve explicación por parte do Sr. Interventor no senso de que cando hai contraprestación en favor dunha empresa privada, é de aplicación a contratación administrativa e non se pode utilizar o convenio, logo houbo que corrixir certos aspectos formais das bases; a Sra. Pérez Asorey agradece as aclaracións e pregunta por unha data para a concesión das axudas, porque hai trámites que xa se podían ter feito, ó que lle responde o Sr. González Casares, que posiblemente en outubro (xa falou co BOP para axilizar a publicación das bases, se reduciu o prazo para solicitálas de 1 mes a quince días, poderanse recoñecer axudas parciais dependendo do número de solicitantes, e se nomeará algún instrutor máis), pero que si hai xente de verdade con especial necesidade serán atendidas. Remata sinalando

que todo isto non sería necesario si estivésemos no transporte metropolitano (como Vila de Cruces, nunca entendeu que Vila de Cruces sí, e Lalín e Silleda non), si houbera esa tarxeta incluso os cartos que destinamos a este servizo poderían utilizarse noutras cousas, porque o transporte metropolitano é máis barato para os estudantes que as axudas que nós lle damos; reconece que a Xunta está avanzando no tema porque tivemos unha reunión no mes de xullo na que nos preguntaron polas necesidades do transporte en Lalín, que lle dixemos, como tamén o de aumentar as frecuencias Lugo-Vigo (realmente foi “*sangrante*” o que pasou nesa concesión); remata dicindo que esta é a vía pola que temos que apostar porque beneficiaría a moita xente nova e tamén á maior.

Remata a rolda de intervención o Sr. Cruz García, manifestando que novamente é un tema positivo do PP e que xa o ano pasado tivo queixas de veciños; esta totalmente sensibilizado coa temática porque moitos lalinenses como min tivemos que utilizar este recurso porque as nosas familias non tiñan tantos recursos coma outras.

Polo Sr. Alcalde se aclara que o Grupo de Goberno se vai a abster porque xa está todo en marcha.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación ordinaria a dita moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.* Faise constar que no momento da votación atópase ausente do salón de Plenos o Concelleiro Sr. Medela Dobarro (CxG-CCTT).

Xa que logo, **o Pleno**, por maioría, **ACORDOU aprobar a moción a que se refire este acordo e, conseguintemente:**

**“Esixir ao goberno municipal que acelere a tramitación dos bonos de desconto do transporte universitario e dos ciclos formativos que se impartan fora de Lalín para que os alumnos poidan desfrutar dos beneficios deste programa dende o inicio das clases”.**

#### **8.- EXPEDIENTE 4349/2018. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL DE LALÍN A NEGOCIAR A RECUPERACIÓN DA AULA DA UNED DE LALÍN PARA O CURSO 2018-2019.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

**1.-** Moción asinada polo voceiro do Partido Popular, D. José Crespo Iglesias, de data 21 de agosto de 2018 (rexistrada de entrada o día 22 seguinte, nº 6335 de orde), co seguinte texto:

*“En xullo de 2015, nun dos primeiros plenos do mandato, o goberno tripartito de Rafael Cuiña,*

co apoio do concelleiro do BNG, Xosé Manuel López, decidiu resolver o convenio coa Universidade a distancia e pechar a Aula asociada da UNED de Lalín. Deste xeito cercenaba as posibilidades de lalinenses e dezanos de ter acceso a estudos universitarios moi preto da casa e a unha serie de xornadas con importante valor engadido para a empresa e os estudantes.

Ca desculpa de que as prioridades cambiaron para o novo goberno, do custo para ás arcas municipais que supoñían os preto de 50.000 euros que se consignaban e que estes cartos se destinarían a bonos de transporte e políticas sociais, tomaron unha das decisións máis involucionistas das que tomou nunca unha corporación lalinense, cargándose un avance polo que loitaron no pasado e seguen loitando na actualidade localidades de toda Galicia; entre elas a de Tui, Ferrol e Vigo que a fixeron realidade dun xeito moi posterior a Lalín e outras poboacións moito máis pequenas que a nosa como Portas, Viveiro, Foz, Monforte ou A Rúa que si dispoñen de centros asociados da UNED, aínda contando cun orzamento municipal moito máis pequeno ca Lalín.

En outubro de 2015, tras a decisión plenaria de xullo, marcada por tintes puramente políticos e revisionistas e non tomados dende un punto de vista social e racional cos obxectivos propios dunha administración, o goberno cumpría o seu obxectivo ao certificar a xunta reitora da UNED a resolución do convenio co Concello de Lalín.

Escasos meses despois de que Lalín perdera a Aula asociada da UNED, a Deputación de Pontevedra anunciaba un convenio co Concello de Vigo, asinado en abril de 2016, polo que o organismo provincial invertía na nova sede da Aula asociada de Vigo –que se puxo en marcha en 2013- preto de 800.000 euros para as novas instalacións. Unha colaboración económica que permitiría o funcionamento da Aula lalinense durante 15 anos, e que o goberno de BNG e PSOE na Deputación e o PSOE no Concello de Vigo non dubidaron nin un momento en acometer para ofrecer este servizo aos seus veciños; pero que os seus homólogos lalinenses non consideraron importante.

En febreiro de 2017, o Partido Popular presentaba unha moción ao pleno do Concello na que se instaba ao goberno a retomar negociacións cos rexedores da UNED en Pontevedra para retomar a Aula Asociada de Lalín. Moción que foi aprobada cos votos favorables do PP de Lalín e do concelleiro non adscrito, e en contra do grupo de goberno, nunha nova mostra de que as súas prioridades están moi lonxe da Educación e da Cultura.

As argumentacións da concelleira de Cultura, Lara Rodríguez, situábanse nese pleno na liña de que “dado que os gastos eran importantes, tomouse a decisión de pechar a UNED e destinar a outros cometidos os fondos que se investían na aula”. Argumento que visto o visto de moitos dos gastos, cando menos, superfluos acometidos polo goberno en tres anos, e dos que se podía facer un importante relatorio, converten dita explicación en baladí e nunha pobre excusa de mal pagador para xustificarse unha decisión puramente política.

A raíz deste mandato plenario de febreiro de 2017, o alcalde de Lalín mantivo unha xuntanza, a día 29 de agosto de 2017, ca directora do centro asociado de Pontevedra, Beatriz Rodríguez López, no que chamaron en prensa como “o primeiro contacto” ca presunta intención de volver a poñer en marcha a Aula da UNED en Lalín, intención dificilmente sostible cando se facía a finais de agosto, seis meses despois de aprobada a moción, e apenas un mes antes de que tiveran que iniciarse as clases e cando a tramitación e negociación era difícil de completar para o curso que ía a comezar. Unha reunión na que o goberno de Lalín volveu a trasladar á UNED unha xustificación presuntamente económica para a supresión que choca cos habituais dispendios do goberno de Cuiña en cuestións de moita menos transcendencia.

Dende aquela reunión, que semella serviu máis de coartada ao goberno para incumplir de facto un acordo plenario que non de interese real por recuperar este importante servizo, nada

*máis se soubo, no ano que pasou dende esa reunión, de negociacións para cumprir a vontade da corporación de volver a contar cun servizo aos veciños como o da UNED. Servizo co que si contan concellos galegos como os de Vigo (PSOE), Pontevedra (BNG), Tui (Converxencia 21-PP-Ciudadanos e Alternativa Popular de Tui), Ferrol (En Marea), Portas (PP), Monforte (PSOE), Viveiro (PSOE), Foz (PP) e A Rúa (PSOE-BNG). Concellos aos que semellan non parecerlle excesivo o custe dun servizo de primeiro nivel para os veciños e que pelexaron para poder dispor de el.*

*Tres anos despois do peche da Aula da UNED, ademais de perderse a posibilidade de que os alumnos –nunha cifra sen cuantificar debido a que no último ano de actividade da Aula de Lalín reducírase o número de alumnos en todos os centros asociados, volvendo a aumentar nos cursos 2015-16, 2016-17 e en maior medida en 2017-2018- cursaran estudos universitarios en Lalín, tamén se perdeu a importante relación entre o mundo universitario e o mundo da empresa a través das numerosas charlas, conferencias e xornadas que se celebraban ao abeiro do funcionamento da Aula asociada en Lalín. Todo elo, polo presunto aforro que xustificou o goberno ao pechala Aula e que nos últimos anos demostrou que no era tal ao dilapidar cantidades máis importantes en cuestións de moita menos transcendencia social, cultural, educativa, etc.*

*A vista do exposto, e considerando a necesidade real de recuperar un servizo, socialmente útil, que nunca se tivo que ter perdido e que manteñen concellos de todas as cores políticas como Vigo, Portas, Viveiro, Monforte, Foz, A Rúa, etc. Tendo en conta que se perdeu por unha decisión puramente revisionista e de autoafirmación política. Vendo os importantes investimentos realizados pola Deputación de Pontevedra en aulas moito máis novas que a que había en Lalín, e que con menos do 10% do investido en elas, funcionaría a aula lalinense sen ten que buscar desculpas. É polo solicitamos se tome o seguintes*

#### **ACORDO:**

**1.- Instar ao goberno municipal que retome con urxencia as negociacións cos responsables da UNED de Pontevedra para volver a por en marcha a Aula Asociada da UNED de Lalín para o curso académico 2018-2019”.**

**2.- Ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 27 de agosto de 2018.**

#### **INTERVENCIÓNS:**

Abre a rolda de intervención o voceiro do PP, Sr. Crespo Iglesias, facendo unha breve cronoloxía de como foi o tema da UNED: novembro do ano 17, logo de moitas negociaciónsponse en marcha a aula da UNED (equivocouse na data); outubro de 2012, implántase o grado de Administración e Dirección de Empresas; xullo de 2015, o Goberno actual decide resolver o convenio coa Universidade a Distancia, e así o anuncia ós medios de comunicación cando empezou este mandato; agosto do 2015, o PP de Lalín presenta unha moción solicitando que a aula se manteña aberta pola labor social que desempeña; o goberno vota en contra alegando motivos económicos e de rendibilidade, para outros non había estes motivos, prefiren gastar os cartos en outras “francachelas” varias, en vez de metelas en cousas produtivas como é a UNED; en outubro de 2015 o goberno certifica á Xunta Reitora da UNED a supresión da aula de Lalín e a extinción do compromiso; en abril do 2016, convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para que o ente Provincial aporte 800.000 € para abrir a aula da UNED en Vigo; febreiro de 2017, o PP presenta unha moción que se aproba, e na que pide que se retomen as negociacións para recuperar a aula para o

curso 2017-2018, e que se solicite a colaboración da Deputación, como así o fixo con Vigo; o 29 de agosto de 2017, polo que vemos nos medios de comunicación, o Alcalde mantén unha reunión, a escasos 15 días de comenzo o curso, coa Directora da UNED de Pontevedra, Beatriz Rodríguez López, na que di que a intención é reabrir para impartir ensinanzas relacionadas cos eidos económicos máis fortes de Lalín, e disto hai un ano no que non se produciu, que saibamos, ningunha reunión máis, e entre tanto en Galicia, desgraciadamente, e para a nosa vergoña, seguen abertas aulas da UNED asociadas como o caso de Tui, con orzamento sensiblemente inferior ó noso, Ferrol, Vigo, Portas, cun orzamento sensibilísimamente inferior ó noso, Viveiro, tamén con orzamento inferior ó noso, Foz e Monforte o mesmo, e a Rúa; é dicir: A Rúa, Monforte, Foz, Viveiro, Portas e Tui, con menos poboación que Lalín, e sendo Concellos de inferior categoría, manteñen aberta unha aula da UNED, e nós non fomos quen de facelo, a pesar de que unha moción nosa foi aprobada e que, unha vez máis, tómasenos *“polo pito do sereno”*, e non se fai caso ás mocións que aquí se aproban, simplemente se fixo un intento de negociación sen máis e total, que vai comenzo o curso 2018-2019 e moito nos tememos que tampouco se vai a implantar porque o Goberno de Lalín non fixo os deberes. Nós o que pedimos é que se retomen en serio esas negociacións, non que se fagan *“paripés”*, e que se habilite xa o crédito necesario para o seu funcionamento, si non pode ser con cargo a remanentes, que se faga unha modificación de crédito con cargo a partidas que non se gastaron, como pode ser do capítulo I sen problema. Cree que por parte do Goberno hai un *“postureo”* dicindo que se está a negociar con Beatriz Rodríguez hai un ano e que serviu para dicir que se cumpría un acordo plenario, pero realmente non se cumpriu en absoluto. Instamos de verdade ó Goberno para a recuperación dun servizo que nós entendemos que é positivo e que sobre todo, logo da comparativa que acabo de facer, vendo que Concellos moito máis pequenos que nós si teñen orzamento para manter as aulas da UNED non entendemos como a Lalín se lle pode furtar este servizo e gastar un montón de cartos en outras cousas tremendamente máis intranscendentes, porque malia que a UNED dera o déficit que se di, que o daba, outras cousas tamén o dan, e poderíamos citar moitas actuacións do Goberno de Lalín que non teñen a rendibilidade social que pode ter a UNED, e que por parte do Goberno se está obviando porque hai unha cousa clara, as mocións aínda que se aproben, a meta do Goberno é que si non son propostas por eles, non cumprilas, incumprindo así acordos plenarios e sobre todo actuando dunha maneira desleal. Queremos que se retomen de inmediato as negociacións, e se fagan os trámites para abrir de novo a UNED, e esperamos que no curso que ven poida estar aberta, e nese sentido está redactada a parte dispositiva da nosa moción.

De seguido o Sr. Concelleiro non adscrito, Cruz García, a maiores de anunciar que votará a favor, e dubidando si lle votará un cable ou unha soga ó Goberno, preguntálle a Crespo si sería capaz de negociar a volta da UNED nun mes?. Neste momento se suspende brevemente (1 minuto) o Pleno ante a ausencia do Presidente e do Primeiro Tenente de Alcalde.

Reiniciada a sesión, e previas desculpas da Presidencia, intervén a Sra. Concelleira Delegada de Educación e Cultura, D<sup>a</sup> Lara Rodríguez Peña (APAC), para dicir que mantén a idea que xa expresou no 2015 de que a decisión se fixo tras unha rigorosa valoración (non de xeito caprichoso), por dous motivos fundamentais:

1º Polo gasto (preto de 50.000 €), que nós, como goberno lexítimo de Lalín, decidimos destinar a outras cousas, como o transporte universitario.

2º E porque non o considera un servizo prioritario, dado que a UNED era só para impartir ADE, ofertaba unha soa titulación, e os outros cursos tiñan moi pouca demanda, como indican os datos. Só se ofertaban titorías a un prezo para nada barato ou económico, ó revés; e este Goberno non é partidario de asociar unha ensinanza a distancia coa necesidade de asistir ás aulas, dado que a xente tiña que ir a Pontevedra a examinarse das titorías.

Conclúe a súa intervención dicindo que o argumentario do PP é demagóxico, e que vai a manter o seu criterio.

Na segunda rolda de intervencións, o Sr. Crespo Iglesias (PP) di que a xustificación dada pola Concelleira de Cultura é realmente patética: si consideraban que o servizo que se prestaba era mellorable, podían telo mellorado. Contestando á pregunta que lle formulou o Sr. Cruz García, di que o PP non goberna, pero cree que si sería capaz, sen dúbida, porque si hai vontade política, que non é o caso, se podería conseguir a volta da UNED a Lalín; pero en calquera caso el non pode facelo porque non lle lo permite a Lei. Manifesta que lle sorprende que a Concelleira, sendo do ramo, teña tal descoñecemento da materia, e que minte cando cuantifica o custo en 50.000 €, solicitando se lle faciliten os datos exactos; en calquera caso debería ter prioridade porque é un tema educativo e o que tiñan que ter feito era melloralo no posible, pero non eliminalo. Reitera que o Goberno ten a obriga de executar os acordos plenarios porque en caso contrario se “raía” a prevaricación, non é un tema do que Vds. opinan é que o Pleno o acordou e teñen que cumprilo lles goste ou non, tal e como ocorre no Parlamento do Estado; si hai cartos para perder subvencións, como a da musealización do Pazo de Liñares (45.000 €), ou para gastar en ciclos de cine no rural sen apenas asistencia (preguntarán por isto), ten que habelos para isto; en calquera caso, si Concellos con gobernos que non son do PP, e moito mais pequenos, e con menos recursos que Lalín (como A Rúa, Monforte, etc), poden manter a UNED, ¿cómo non vai a poder o de Lalín?.

A Concelleira de Educación e Cultura di que reitera que non é unha prioridade, e que tamén a UNED tiña escasa asistencia. E o Sr. Alcalde remata as intervencións dicindo que lle chegaron noticias de algún alumno no senso de que o PP quería daquelas pechar a UNED; replicándolle o Sr. Crespo Iglesias que iso é unha mentira e unha falsidade: ó revés, o PP quería meterlle mais cartos para potenciala, insistindo unha vez mais en que o Goberno está obrigado a cumprir os acordos plenarios, non é un tema do que vostedes opinan, porque si a maioría do Pleno non opina así, vostedes teñen que cumprilo.

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP, e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Abstencións: unha (1), pola ausencia no momento da votación da Concelleira do PP D<sup>a</sup>. Eva M<sup>a</sup> Montoto Méndez, de acordo co artigo 100 do ROF.*

Xa que logo, **o Pleno**, por maioría, **ACORDOU aprobar a moción a que se**

refire este acordo e, conseguintemente:

“Instar ao goberno municipal que retome con urxencia as negociacións cos responsables da UNED de Pontevedra para volver a por en marcha a Aula Asociada da UNED de Lalín para o curso académico 2018-2019”.

## **9.- EXPEDIENTE 4351/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO INSTANDO AO GOBERNO Á COMPRA DE DOUS TRACTORES PARA DESBROCES.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente composto de:

1.- Moción asinada polo concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García, de data 22 de agosto de 2018 (rexistrada de entrada o día 21, nº 929 de orde), co seguinte texto:

*“Levamos todo o mandato de Cuiña sufrindo **retrasos** constantes e incluso **abandono do mantemento dos camiños municipais**. Incluso **os veciños teñen que suplir as carencias dos servizos municipais en máis dunha parroquia**.*

*Tres anos despois xa non vale a escusa de que se hai que poñer ó día e coñecer as necesidades de planificación. Se neste terceiro ano (**cuarto verán**) non foron capaces de planificar e coordinar unha solución axeitada algo teremos que facer. Non pode ser que practicamente **todas as aldeas e lugares do rural se queixen de falta de atención**. Por iso cremos desde o meu grupo de traballo que hai que poñerse as pilas e dar solucións. Se os **recursos materiais** e o persoal resulta escaso haberá que **amentalos**.*

*Por elo presento esta moción para suplir dunha vez por todas a falta de medios materiais que o desgoberno deste concello pon como excusa. Unha boa solución sería **augmentar o parque de maquinaria municipal** coa compra de dous tractores para desbroce.*

*Polo tanto, solicito ao pleno que aprobe a seguinte moción para instar ao alcalde a iniciar o procedemento para **comprar dous tractores convenientemente dotados para o desbroce de cunetas** das pistas e camiños veciñais”.*

2.- Ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 27 de agosto de 2018.

### **INTERVENCIÓNS:**

Polo asinante da moción (Sr. Cruz García), se indica que a moción está suficientemente debatida; no rural hai xente que tivo que facer os desbroces, que se multiplican por 10 ou 20 cando o tema transcende ás redes sociais; os medios solicitados poden ser mellorables e ampliados; pide que se aumente este parque de maquinaria e se informe ó pobo de ata onde se pode chegar e que se aproveiten as bonificacións da Xunta para desbroces de fincas de 350 euros, e que se inste tamén á Consellería para que nós poidamos dende o Concello aumentar estes desbroces, coa nosa propia planificación e co aumento das bonificacións. Considera que é unha proposta digna do seu grupo de traballo e do seu partido. Segue a dicir que o rural está moi descontento con estas políticas, e protesta polas declaracións de Medela (ó que considera criado da familia Cuiña, o que non llo desexa a ningún), nas que fala

do desbroce das cunetas solicitando que se lle entregue agora un listado das feitas, porque el lle pode ensinar 40 ou 50 cunetas que compre limpar; manifesta que non é de recibo que se diga que non hai persoal porque nos plans de emprego da Deputación, ou outros, poderían telos, e senón que o fagan os membros da APAC, do mesmo xeito que fixeron a expurga dos libros da Biblioteca.

Por parte do PP, intervén de seguido o concelleiro D. Antonio Rodríguez Rodríguez, manifestando que o seu grupo está de acordo en que se reforcen os medios para a atención do medio rural; nós xa tiñamos bastante ben dotado este servizo, pero compre implementalo dado que agora hai mais necesidades polas pistas de concentración. Entende que é un tema de material e persoal, pero sobre todo de organización do traballo, que é nefasto e recibimos queixas dos veciños, e neste caso os desbroces se empezaron tarde e deben manterse durante todo o ano; remata dicindo que o PP tiña as pistas perfectamente limpas con dous tractores e con contrato externo nos meses de xullo e agosto. Remata dicindo que, pese ó dito na prensa polo Alcalde e Medela presumindo, eles teñen queixas en todas as parroquias, de todas, e por iso apoiarán a moción porque si non se fan contratacións externas, é preciso adquirir dous tractores co obxecto de mellorar a calidade de vida dos veciños do rural.

Polo Grupo de Goberno fai uso da palabra o Sr. Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais, D. Miguel Medela Dobarro, dicíndolle a Cruz que sí se fixeron cunetas, e xa lle informará de cales están feitas, e que a día de hoxe só faltan 5 parroquias sen desbrozar, que son Cello, Cercio, Galegos, Donramiro e Busto, e están a piques de rematar as de Goiás e Moneixas; o certo é que se empezaron en tempo (pon o exemplo do desbroce feito en Goiás para as festas, no mes de maio), pero a día de hoxe é verdade que están como si non se desbrozaran porque foi un verán moi húmido, compre facer os desbroces dúas veces ó ano, e niso estamos. Segue a dicir que en 10 días estarán todas e empezaremos as que se fixeron no mes de abril-maio, as pistas das parcelarias empézanse no mes de setembro e a Consellería fará varias. Pensa que a compra estaría ben, pero compre ter quen ande con elas, porque si van a estar paradas entón si que temos un problema. Remata dicindo que o tractor comprado anteriormente é demasiado grande en non entra na maioría dos lugares, si cadra non foi unha boa decisión.

Na segundo rolda de intervencións, o Sr. Cruz replícalle que non acepta que non hai persoal, e que ben podería botar unha man Manuel Iglesias, do mesmo xeito que o fixo na Biblioteca Municipal, e remata pedindo de novo que se inste á Xunta a que permita que o Concello poida actuar con medios locais, sen recorrer á vía da empresa privada, para a limpeza de fincas particulares cercanas ás vivendas, e bonificando os 350 € por hectárea e, si é tecnicamente posible, aumentar as bonificacións. Medela lémbrale que el non está a falar da limpeza de cunetas, e Cruz replícalle que entón por qué, seguindo coa costume de poñer na miña boca cousas que queren que escoite a veciñanza, na prensa falou das cunetas cando a súa moción se refire a desbroces; si introduce novos argumentos entón ten que demostralos, porque a evidencia é clara: non ten nin para dicir dúas cunetas que se limparan dende o comezo da campaña de desbroces. O Sr. Medela di que sempre haberá queixas, algúns veciños se queixan, e outros din que nunca se fixeron os desbroces tan ben.

Nesta segunda rolda, o Sr. Antonio Rodríguez dille a Medela que presume de que só faltan 5 parroquias e que todo vai con normalidade, pero eles teñen queixas en



agosto de Vilatuxe, e Moimenta, de que as pistas se estaban a desbrozar o mesmo día da festa, e o mesmo ocorreu en Bermés, e en Filgueira estaban a limpar as beirarrúas da Avda. de Cruces o día despois das festas. Os desbroces non se fan coa lingua, nin decindo que todo está ben, fánse planificando para todo o ano, e compre tamén desbrozar os taludes e non só o arcén ou a cuneta; pon como exemplos as pistas de Navallo (que se desbrozou só o que é o arcén), Nogueira ou a de Bustelo-Doade, ou mais cerca, a de Soutolongo (por detrás do Pazo), e reta ó Concelleiro a ir a visitalas coa prensa ó remate do Pleno, para ver como están feitas, e para demostrar si se fan os traballos ou non se fan. Remata dicindo que na súa opinión o rural está demasiado abandonado como para “sacar peito”. O Sr. Medela replícalle que Vde. debe saber como se fan os taludes porque agora se lles está dando 1 metro mais do que se lle estaba dando e xa que logo sabe como se fan os taludes.

Remata a discusión o Sr. Alcalde manifestando que os veciños en xeral están contentos cos desbroces. O certo é que temos un rural moi extenso e, estatisticamente, haberá algún sitio que non quedou tan ben, pero o que lle trasladan os veciños é que os traballos se están a facer mellor que nunca. Hai queixas puntuais, como o caso de Cristimil no 2015; pasou algo de tempo mirando a hemeroteca e sempre houbo queixas porque temos un rural inmenso, e seguramente dentro de 20 anos, governe quen governe, seguirá a haber veciños que se queixen, que é un debate moi simpático e construtivo, pero procede votar.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: nove (9), sendo catro (4) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*

*Abstencións: ningunha.*

En vista do exposto, **o Pleno**, por maioría, **ACORDOU aprobar a moción a que se refire este acordo** e, conseguintemente:

**“Instar ao alcalde a iniciar o procedemento para comprar dous tractores convenientemente dotados para o desbroce das cunetas das pistas e camiños municipais”.**

#### **10.- EXPEDIENTE 4430/2018. ROGOS E PREGUNTAS. PLENO 31 08 2018.**

**10.1. Polo voceiro do PP, Sr. Crespo Iglesias, se formulan os seguintes ROGOS:**

**10.1.1. Que se cumpran os acordos plenarios aprobados por maioría. Á**

vista das declaracións de Lara, no pleno de hoxe, nas que di claramente que a súa intención é non abrir a UNED, insta a que o Goberno non perda o tempo nin lle lo faga perder á Directora da UNED, nin engane ós veciños ós que representan.

**10.1.2.** O mesmo voceiro se queixa das respostas dadas ás preguntas formuladas no pleno anterior, entregadas 5 minutos antes deste pleno; o ben non leron as preguntas ou ben non nos toman en serio, e pon varios exemplos de cada unah delas. Pide **que se retomen e se volvan a contestar tanto as preguntas dirixidas ao Alcalde en relación co nomeamento e posterior cese do Xefe da Policía Local como presidente do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación de 3 auxiliares da Policía Local** (escrito de 3-8-2018, nº 5887 do rexistro de entrada), **como tamén as dirixidas ao Tenente de Alcalde, relativas ao inicio e paralización das obras da rotonda do Monserrat** (escrito de 27-8-2018, nº 6413 do rexistro de entrada), pide que non deformen a realidade; en caso contrario as volverán a presentar para o pleno seguinte.

## **10.2. PREGUNTAS:**

**10.2.1.- O voceiro do PP**, formúlalle verbalmente ó **Sr. Medela** as seguintes preguntas:

- ¿É certo que na véspera da festa de Muimenta, cando algúns veciños de Meixomín se queixaban ó pedáneo de que non se tiña desbrozado, o dito pedáneo chamouno a Vde. por teléfono e non lle contestou, resultando que, acto seguido, o chamou outro veciño, ó que si lle contestou, tal e como xa tiña anunciado?.

- Caso de ser certo: ¿Para que queren aos pedáneos?; ¿ou é que os que non son “*da súa corda*” hai que desacreditalos e putealos diante dos veciños?.

- Pide respecto para todos os pedáneos.

**10.2.3.- O concelleiro do PP, Sr. Varela Quintela**, formúlalle a seguinte pregunta a **Dª Mª Jesús Sánchez Fernández** (Concelleira responsable de Deportes e do Lalín Arena):

- Na Xunta de Goberno Local do pasado día 20 de agosto acordouse o aluguer dunha máquina expendedora de tickets de entrada para a piscina por importe de 726 €/mes: ¿non entende que con esa cantidade de cartos e unha achega que se podería facer, sería mellor a contratación dunha persoa que ademais de mais eficiente, sería socialmente mellor acollida?.

- ¿Quén tomou a decisión de cambiar a unha persoa por unha máquina por moi eficiente que sexa esta?.

**10.2.4.- O Concelleiro do PP, Sr. Rodríguez Rodríguez, ó Sr. Medela:**

- ¿Pode Vde. afirmar que a día de hoxe as pistas de Navallo, Nogueira e a que vai por detrás do Pazo de Dés están desbrozadas?.

- ¿Estaría disposto a ir agora mesmo coa prensa a comprobalo?.

**10.2.5.- A Concelleira do PP, Dª Mª José Senande Meijome**, formúlalle á **Concelleira de Cultura, Dª Lara Rodríguez Peña**, as seguintes preguntas:

Respecto do Conservatorio:

- ¿A falta de 15 días para o comezo das clases, está garantida a presenza de toda a plantilla de profesores?.

- ¿Contratouse xa o profesor de trompa e trompeta?.

- ¿Teñen algún problema con algún outro docente, ou prevén que o curso sexa tranquilo?

En relación co ciclo de cine no rural :

-¿Canta xente asistiu en total ó ciclo que se celebrou nas últimas semanas polas parroquias de Lalín?

- ¿Ten constancia de cantas persoas asistiron o día 9 de agosto en Muimenta?;

¿Confirma que a empresa tivo que marchar sen tan sequera empezar a proxección?.

- ¿A que cree que se debe este “*exitazo de taquilla*”?.

- ¿É isto ó que lle chama nas entrevistas “*mellora da xestión cultural*”?.

- ¿Pasoulle pola cabeza ter que suspender actividades pola non asistencia de público?.

- ¿En cantas ocasións nos últimos anos se suspenderon actividades por non ter público que asistira ás mesmas (por exemplo, actividades na Biblioteca)?.

- ¿Cifrou cantos cartos se perderon en actividades programadas por Vde. e que non tiveron asistencia?.

**10.2.6.- A Concelleira do PP D<sup>a</sup> Eva M<sup>a</sup> Montoto Méndez, pregúntalle ó Concelleiro de Turismo:**

- ¿Vemos como en outros Concellos se contrataron, con cargo ós Plans Provinciais, becarios para as Oficinas de Turismo?.

- De ser así ¿dispoñemos nós destes becarios?.

- Si non é así ¿por qué non se solicitaron?.

**10.2.7.- O Concelleiro nos adscrito, Sr. Cruz García, formula as seguintes preguntas:**

**- Para o Alcalde:**

- Si tan mal político é Cruz, ¿por que ten tanto interese Cuiña en que o expulsen de Ciudadanos (C’s), cando deberá ser xusto o contrario? (O Sr. Alcalde manifesta que ten o mesmo concepto del que de C’s).

- ¿Si cadra é porque teme que lles explique a C’s os seus comportamentos propios dun mafioso que actúa igual que os sicilianos, cos que non aran polo seu rego, utilizando a consabida frase: “*sé de dónde vienes, sé dónde vives y dónde trabajas y a qué colegio van tus hijos*”, que en la versión actual podería ser: “*si me criticas ándate con cuidado porque tí ou alguén da túa familia, o traballo pode pender dun fio*”?.

**- Para Medela:**

- ¿Pódesme deixar por escrito cantas cunetas se limparon dende maio, e onde.

- ¿Cándo falas de eficiencia te refires ós desbroces ou ás evasivas, largas e malas contestacións que lle das ós veciños?.

- ¿Podes asegurar que non tes queixas dos pedáneos e os veciños polos malos desbroces?.

- ¿Entendes por eficacia que sexan os veciños os que limpen cos seus medios os accesos a camiños e campos de festas?.

- ¿É certo que, para xustificarte, lle votaches a culpa a Paco Vilariño e a Celia Alonso de por qué non se desbrozaban varios lugares?.

- ¿Atrévete a ratificar o que dixeches na prensa de que se limparon todas as cunetas, ou escribiucho Cuiña, ou o xefe de prensa dende as súas vacacións estivais?.

Pide que se responda a todas, e non na prensa, porque, como di o PP pode

que as limpes todas de aquí ó seguinte pleno.

- **Para Paco:**

- ¿Número de contratos e facturas para a empresa G.I.M.?
- ¿Existe relación de amizade cos responsables da dita empresa ou familiares dos mesmos entre tí ou calquera membro do Goberno?
- ¿Está afiliado ó BNG algún familiar directísimo da empresa; algún xerente da empresa está afiliado ó BNG?
- ¿Cántas diferentes empresas, con diferentes nomes pero cos mesmos xerentes que GIM, teñen introducido facturas ou conseguido obras no Concello de Lalín; cuántas diferentes empresas con eses dous mesmos xerentes?
- ¿Canto lle custou a obra dos paraugas ó Concello?; ¿fíxoa Urdine outra vez, é custou 4.000 €?; ¿Urdine xa fixo a festa do orgullo por un valor duns 50.000 €?; ¿o seu xerente é un tal chispón e ten amizade cos membros do BNG?; ¿ese home está afiliado ó BNG?; ¿é simpatizante do BNG?
- ¿Deches algunha contra orde para que non se fixese algún desbroce ou mentiulle Miguel Medela ós veciños?; ¿diches a orde de que se desbrozara na Penela cando a outros veciños se lle dixo que non se desbrozaba ata as festas?; ¿góstalle a xestión de desbroces de Medela?; ¿atreveríaste a felicitar a Medela polos desbroces e decir como él que se fixeron eficientemente e que son os veciños os que minten?
- ¿Ameazoute Alberto/e Senande con criticarte si non lle contratabas traballos?
- Paco ¿qué empresa colocou os paraugas?; ¿vai a cobrar outra vez por retiralos dentro dun mes?; respecto da empresa Urdime, que meteu a pata nas facturas do orgullo, pregunta ¿por qué se lle segue premiando despois daquela grave metedura de zoco?

Neste intre o Sr. Francisco X. Vilariño Taboada manifesta a súa intención e desexo de responder agora xa a algunha das cuestión que lle formula o Sr. Cruz. Comeza dicíndolle, como xa lle dixo nas Comisións Informativas, que ten que ir ó psiquiatra, con todo o respecto para as persoas que padecen esta enfermidade, porque é Vde. un enfermo da malicia e a mentira. Por suposto que lle vou a contestar a todas as preguntas, pero agora quere responder a dúas delas pola gravidade que Vde. fai mentindo sistematicamente; mire, a empresa á que vostede se refire (e agardo que inmediatamente disto pida perdón): cero (0) contratos no 2017, e un (1), contrato menor, pero menor menor, no 2018, cunha previa fiscalización levada a cabo polos correspondentes servizos do Concello. Vde. é un auténtico mentireiro, non se pode xogar así coa xente nin coas empresas, mire o que acaba de acusar Vde.: en dous anos teñen un só contrato menor. Vostede utiliza, xa o fixo o outro día coa política cultural de Lara, argumentos do fascismo, do mais puro fascismo, e aquí está outra vez perseguindo á xente, ós que non pensan como vostede. Vostede os persigue, e nós non facemos iso, a xente pode militar onde lle dea a gaña, mesmo en 5 ou 6 partidos diferentes en 2 anos, como fai Vde., militar en partidos que nada teñen que ver, por certo que ningún deles o quere a Vde., resultando tan patético que se ande ofrecendo a partidos polo país adiante para montar unha lista para as municipais. Pero mire, eu en política municipal lle aguanto canto Vde. queira, as mentiras que sistematicamente conta, pero cuidado, non xogue coa xente, porque a xente vive do seu traballo, que non é dende logo traballar para o Concello de Lalín, e os datos que lle acabo de dar son a realidade que os pode pedir por escrito e os vou eu a contestar por escrito; polo tanto agardo que Vde. Inmediatamente pida perdón por unha acusación tan grave como acaba de facer e que nada, insisto, nada ten que ver coa realidade; e tamén lle aclaro sobre a pregunta que fai sobre si algún dos directivos é

militante do BNG, lle digo que NON, polo tanto insisto, é Vde. Un mentiroso (neste intre interrompeu o Sr. Cruz preguntando por algún familiar cercano), e respóndelle que por iso é Vde. un fascista, nós non perseguimos ós familiares nin nosos ni do PP, cada un pode afiliarse onde lle dea a gaña e por sorte non ten porque padecer as desgracias do seu irmán, como é o seu caso; polo tanto non mesture a familia que non ten nada que ver, e non minta sistematicamente para ensuciar á xente que traballa con moitísima dignidade.

O Sr. Cruz pregúntalle si ¿nas escaleiras da rúa dos viños houbo algún suplemento; canto custou esa obra?; pregúntalle ó Sr. Vilarinho si non quería contestar, e que se limitou a dar un mitin (o Sr. Vilarinho chámalle imbécil)

A Presidencia dílle si quere facer mais preguntas, e o Sr. Cruz manifesta que sí, formulado a seguinte **pregunta para todos (para Nico, Cuiña e Vilarinho)**: ¿cantas facturas emitiu Alberte Senande ó Concello este ano, cantas se lle pagaron e por qué concepto facturou?. Neste intre o Sr. Alcalde pídelles que non traia ó Pleno os problemas internos do seu partido, que os resolan na súa casa, e o Sr. Cruz pide que conste en acta que non está a falar de C's, senón de Alberte Senande, un empresario de Lalín, e segue a preguntar: ¿se lle deu algunha obra, cal foi o procedemento de contratación?; ¿invitouse á empresa de Alberte Senande a participar nalgunha obra ou actuación do Concello ó longo deste mandato, en cales?; ¿invitouse a outras empresas ou contratouse a dedo a Alberte Senande?; ¿entrevistouse co Alcalde no Concello este home, e de paso faláronse de contratos e de facturas?; ó que lle responde o Sr. Alcalde remitíndose á mesmas palabras que lle dixo o Concelleiro de Cultura, as mesmas: fascista, ¡xa está ben!, os líos coa xente que non te quere, que o chamou un alcalde do sur para dicirlle que che ofreciches para ir na súa lista, de Convergencia 21, eres tan lamentable e fascista, o Sr. Alcalde dílle que non tivo ningunha reunión con Alberte Senande, e o Sr. Cruz dílle que iso é mentira, e que si queres seguir coas túas cousas podes seguir, pero que non podes mentir. ¿É certo que ameazou Alberte Senande a Paco Vilarinho con criticalo si non lle daba traballos?; pregúntalle a Paco Vilarinho si ¿iso que andivo a dicir por aí é certo?; ós outros membros do Goberno quere tamén preguntarlles si recibiron estas ameazas de Alberte Senande?.

E remata pedindo un rogo para o Sr. Alcalde ¿qué tal as vacacións?, ¿descansou ben? (Alcalde: "*foron longas a verdade, este ano paseime...*"); pídelles que cando veña a un pleno, por favor, non nos minta, como fixo fai un momento. Para coller un billete faise con bastante antelación, e tiñas que estar no pleno, como neste a petición do PP, para iso cobras (Alcalde: "*está ben que iso mo diga un vago integral*"), o que prometiches que non ibas a cobrar; este vago integral cobra, poñamos, un 5%, e pídelles que deixe o seu soldo para unha causa benéfica, dado que este concelleiro cobra un 1% do presuposto que Vde. manexa para poder tumbalo; entre Vde., o Sr. Tenente de Alcalde, e o gabinete de prensa cobran multiplicado por cen... (a presidencia córtalle o micro e ínstao para que remate e diga cal é o rogo); e o rogo do Sr. Cruz é que, dado que neste pleno fáltaselle ó respecto a este Concelleiro non adscrito: non sexa arbitrario e chame hoxe polo menos á orde a Paco Vilarinho, e que me deixe seguir preguntado, xa que ten unha última **pregunta para Lara**, a peor Concelleira de Cultura da historia: ¿canto custou a programación de "*Fusco&Lusco*"?; ¿parécelle normal que se veña a rir de nós á cara un dos mellores músicos profesionais de Galicia, tocando aleatoriamente sobre diferentes instrumentos cotiáns, e que iso sexa un referente de cultura para Galicia?; ¿paréceche normal iso?; quere saber ¿canto cobrou este percursionista da última actuación que houbo aquí no

Concello?, porque vir a rirse dos lalinenses, tal e como tes as Bandas esquecidas e sen tramitar as axudas, e pagarlle a algún para que veña, eu creo, de vacacións ó Concello, a rirse dos que levamos pulando pola cultura popular do noso Concello, é unha aberración.

E non habendo outros asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión, pedindo desculpas ós lalinenses por ter levado na súa lista a semellante fascista, cando son as **once horas e cincuenta e tres minutos** do mesmo día e lugar na que comezou.

O que se certifica aos efectos oportunos, co visto e prace do Sr. Alcalde.

O Alcalde.  
Rafael L. Cuiña Aparicio.

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas.